



CURSOS DO 3º FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO

MANICÓMICOS DO 3-14 DE XULLO 2006 NA CORUÑA

LEO BASSI - ITALIA

BUSCANDO A NOSA IDENTIDADE CÓMICA

"Como liberar as nosas aptitudes naturais para facer rir"

Datas: Do 12 ó 14 de Xullo
Duración: 12 horas
Horario: 10:00 - 14:00 h
Prezo: 130 € socios
 150 € non socios
 60 € Oíntes
Prazas: 20 + 10 Oíntes
Lugar: FORUMETROPOLITANO



A través dos anos **Leo** desenvolveu un sistema que mestura a teoría con orixinais xogos psicolóxicos, que inducen os participantes a descubrir máis deles mesmos segundo se van intensificando estes exercicios. Un dos aspectos máis importantes destas sesións é que todos os participantes son continuamente estimulados a tomar alternativamente un papel activo e á vez de observador crítico. Isto alenta discusións francas obrigándolles a darse conta de como as súas accións son percibidas por outros e qué significan para eles mesmos. Segundo vai progresando o curso, a énfase cambia de ser unha ampla exploración da mente a ser un estudo máis centrado na comedia e nos problemas puramente teatrais de cómo ser efectivo diante dun público.

O que pode esperar o participante logo da conclusión do curso son resultados tanxibles que variarán dende unha inspirada mirada ás raíces psicolóxicas do humor e ó seu funcionamento, á construción precisa de humor, preparada para usar en teatro ou televisión.

¿Como é de forte ou poderoso o teu primeiro impacto na xente?

- ✓ Teoría do Narcisismo e da Actuación.
- ✓ ¿Que arrebatou o noso Interese Primario?
- ✓ Imos divertirnos roubando a atención da xente.
- ✓ Improvisacións Cómicas usando as nosas propias identidades.



PIERRE BYLAND. SUIZA.

“HOMO STUPIDENS” clown

Datas: Do 3 ó 7 de Xullo
Duración: 20 horas
Horario: 10:00 - 14:00 h
Prezo: 170 € socios
 190 € non socios
Prazas: 20
Lugar: FORUMETROPOLITANO



P. Byland, naceu en Suiza en 1938. Formouse na prestixiosa escola de Jacques Lecoq en París, onde ademáis impartiu clases durante moitos anos. Traballou con grandes nomes do teatro mundial como Samuel Beckett, Peter Handke, Marcel Marceau, ou Philippe Gaulier. Escritor e creador de moitos dos espectáculos creados en torno á súa compañía *Les Fusains*, é coreógrafo e fundador do famoso circo Roncalli, o primeiro circo de actores. A súa proposta renovadora do fenómeno circense e do fenómeno do clown escénico e contemporáneo, lévanlle a participar na creación do Centro Nacional Superior das Artes de Circo de Châlons sur Marne en Francia. Actualmente dirixe tamén o *Burlesque Centre*, centro burlesco das artes escénicas contemporáneas.

Este curso está encamiñado á busca do teu propio clown, ó descubrimento do teu ridículo e á súa expresión, aceptando a debilidade e reflexionando sobre a estupidez, de cara a enriquecer non só o teu traballo como actor ou actriz, senón tamén a túa propia humanidade como persoa.

O clown como expresión artística e creativa do teu humor particular, sen clichés nin artificios, sen ideas preconcebidas, actual e disposto a facer novos descubrimentos, para converterse así nun artista polivalente por excelencia.

Necesidades: o alumno ou alumna deberá traer á clase unha bolsa con roupas e accesorios excéntricos: demasiado anchas ou estreitas, chapeus, zapatos, bolsos, gafotas ...



ANDREA CURTO. ARGENTINA

MAQUILLAXE E CARACTERIZACIÓN

Datas: Do 10 ó 14 de Xullo
Duración: 20 horas
Horario: 16:00 - 20:00h
Prezo: 65 € socios / 100 € non socios
Prazas: 15
Lugar: Sala do Trinke.
 Rúa San Rosendo 10, baixo



Aprende a utilizar as técnicas e recursos necesarios para a caracterización e creación de personaxes, adquirindo ademais os coñecementos básicos da maquillaxe de efectos especiais. Co dominio das ferramentas apropiadas, o único límite é a túa imaxinación. O obxectivo será que aprendas a caracterizar o rostro, a deseñar os teus bocetos e a entender cal é o rol da maquillaxe nunha posta en escea.

- Recoñecemento de materiais
- Bases de maquillaxe: usos e diferencias
- Preparación do rostro
- Utilización do claro-escuro
- Envellecemento do pel
- Maquillaxe para clown, drag queen, etc
- Colocación de perrucas
- Bocetado e composición do personaxe
- Caracterización
- Tapado de cellas
- Pegado de próteses
- Colocación de calotas
- Feridas: queimaduras, cortes, golpes...



TÉCNICAS AÉREAS DE CIRCO ALMACABRA - GALICIA.

Datas: do 3 ó 7 de xullo
Duración: 12 horas
Horario: de 16:00 a 18:30 de luns a venres
Prezo: 100 € socios / 120 € non socios
Prazas: 16
Lugar: Pavillón Sofía Casanova (Vilaboa-Culleredo)

Unha das especialidades do circo son os seus espectaculares números aéreos, con diferentes modalidades. Neste curso traballaremos con dúas delas: **O trapecio e as teas.**

A través dun quencemento e unha sesión de preparación física lograremos estar a punto para iniciarnos en exercicios básicos de trapecio e teas e lograr un achegamento a estes dous elementos. O curso complementase co visionado de diferente material temático.





CONDICIÓN DE INSCRIPCIÓN E PRAZOS:

RESERVA DENDE XA A TÚA PRAZA NO TLFNO: 630.693.148

FAI EFECTIVO O INGRESO DO PREZO DO CURSO EXCLUSIVAMENTE NA CONTA DA ASOCIACIÓN CULTURAL MANICOMICOS EN CAIXA GALICIA 2091-0000-31-3040172714. ESPECIFICA NO RECIBO BANCARIO O NOME DO CURSO E O TEU NOME, E QUEDA CON EL.

EN CANTO FAGAS EFECTIVO O INGRESO COMUNÍCAO VIA E-MAIL A: manicomicos@hotmail.com COS SEGUINTE DATOS: NOME REAL COMPLETO, DNI, DATA DE NACEMENTO, CURSO (FAREMOS UN SEGURO ESCOLAR PARA OS ALUMNOS, DAÍ ESTES DATOS).

DO 5-11 XUÑO ÁBRESE UN 1º PRAZO PRIORITARIO SÓ PARA SOCIOS, NESTE PRAZO PODES PAGAR O 50% DO PREZO SE CHE INTERESA, E O RESTO ATA O 28 XUÑO.

DO 12-28 XUÑO PRAZO XERAL ABERTO PARA TODO O PÚBLICO A TÚA PRAZA CONFIRMARASE SÓ NO MOMENTO DE FACER EFECTIVO O INGRESO TOTAL, CO CAL É RECOMENDABLE QUE O AXILICES CANTO ANTES E SE ES SOCIO, NON DEIXES PARA ÚLTIMA HORA O PAGO DO 2º PRAZO.

EN CASO DE ANULACIÓN DALGÚN CURSO POR FORZA MAIOR DEVOLVERÁNSECHE OS CARTOS MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA. SE TE QUIXERAS DAR DE BAIXA DUN CURSO QUE XA TES PAGADO, SE HAI LISTA DE ESPERA PARA ESE CURSO TODO O.K., DEVÓLVENSECHE OS CARTOS E LISTO, SE NON A HAI, TERÁS QUE BUSCAR TI ALGÚN SUBSTITUTO, E DE NON APARECER PERDERÁS OS CARTOS. AS PRAZAS DOS CURSOS SON INTRANSFERIBLES A SEGUNDAS PERSOAS.

GRAZASCIÑAS E A XOGAAAAARRRR.....